

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FRATERNIDAD CIUDAD VIEJA DA ORDEN FRANCISCANA SEGLAR PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN DA CUBERTA DA CAPELA DA VENERABLE ORDE TERCEIRA DA CORUÑA, A CORUÑA

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Fraternidad Ciudad Vieja da Orden Franciscana Seglar da Coruña o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fraternidad Ciudad Vieja de la Orden Franciscana Seglar da Coruña, para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de restauración da cuberta da capela da venerable Orde Terceira da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A capela da Venerable Orde Terceira, contigua ao antigo convento de san Francisco da Coruña, está protexida polo seu valor cultural ao estar incluída no Catálogo do Plan de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Peixaría da Coruña, co grao de protección monumental.

A Cidade Vella da Coruña é un ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico segundo o Decreto 29/1984 do 09.03.1984 (DOG núm.57 do 22.03.1984).

Trátase dunha edificación do século XVIII de estilo barroco de planta rectangular e fábrica de cantaría de granito de fina labra e cachotaría do mesmo material, con acabado de revocadura. Unha nave corrida co presbiterio indiferenciado. Nos muros laterais acolle dous grandes retablos de pedra de deseño moi coidado con piastras, enmarcando unha fornella central, todo en estilo de barroco de placas.

Construída no ano 1743 sobre planos do arquitecto compostelán Simón Rodríguez, está



acaroadada á igrexa de san Francisco. O único vestixio do convento na súa situación orixinal é a torre do campanario do século XVI. Destacan no seu interior as esculturas de san Francisco recibindo o abrazo de Cristo, unha imaxe de Xesús de Nazareno e a obra de talla do corpo e pernas de san Luis, rei de Francia.

A Venerable Orde Terceira é unha capela contigua ao antigo convento de San Francisco, onde o emperador Carlos I celebrou as Cortes da Coruña no ano 1520.

A capela atópase situada na Cidade Alta, na zona coñecida como “Punta dos Ferreiros”, unha pequena lingua de terra preto ao baluarte de san Carlos. Conta cun espazo anexo situado sobre as fachadas oeste e sur da capela e ao longo do tempo foi obxecto de diversas modificacións e destinado a diversos usos.

Na actualidade deste espazo da capela só se utilizan as dependencias da planta baixa con uso de sancristía e almacéns.

A capela é propiedade da Orden Franciscana Seglar/Fraternidad Ciudad Vieja da Coruña.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

